

QUE CHE GUSTARÍA SER?

Texto e ilustracións de ARIANNA PAPINI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 30 x 22 cm. 40 páx. 16,50 €

MENCIÓN ESPECIAL DO IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

Que che gustaría ser? (galego)

ISBN 978-84-8464-770-6. MareMar

¿Qué te gustaría ser? (castelán)

ISBN 978-84-92608-43-0. Libros para soñar

What would you like to be? (inglés)

ISBN 978-84-8464-772-0. Books for dreaming

Chi vorresti essere? (italiano)

ISBN 978-88-95933-36-8. Libri per sognare

Rebeca, que che gustaría ser?

Gustárame ser un peixe para esoitar o silencio e nadar libre no mar.

Peixe, que che gustaría ser?

“Que che gustaría ser?” é un álbum para primeiros lectores que se constrúe a partir dunha estrutura narrativa repetitiva e sumando personaxes encadeados entre si. Rebeca soña con ser un peixe, ao peixe gustaríalle ser unha curuxa, esta admira as cualidades do crocodilo... e así sucesivamente con outros animais domésticos e salvaxes, ata un final circular que leva os lectores a unha sabia conclusión: a imaxinación permítenos ser canto queiramos.

Texto e imaxe conxúganse para ofrecer unha lectura completa, de maneira que entre unhas páxinas e outras introdúcense pistas visuais para facernos partícipes do xgo creativo. Da unión fantástica de dous personaxes van xurdindo así orixinais híbridos: un peixe con pernas, unha curuxa con aletas, un crocodilo con ás... e configurando un peculiar animalario que pode continuar máis aló das páxinas deste libro.

Polo seu carácter sinxelo, con ilustracións planas e esquemáticas, de cores e texturas suaves, elaboradas coa técnica do collage, a obra de Arianna Papini recibiu a mención especial do xurado do IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, que organizan o Departamento de Educación do Concello de Santiago e Kalandraka.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a imaxinación e os soños.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** mención especial do IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; personaxes encadeados, estrutura repetitiva; animais domésticos e salvaxes; creación de criaturas imaxinarias mediante híbridos entre especies diferentes.

Arianna Papini

(Florencia, 1965)

Estudou arte e arquitectura. Dende 1988 traballa na editorial Fatatrac. Impartiu clases na Facultade de Arquitectura de Florencia, onde realizou estudos sobre o deseño de libro-xogos. Tamén participou en cursos do Liceo Artístico de Florencia, da Asociación de Ilustradores de Milán e doutros colectivos do eido cultural. Traballa profesionalmente como escritora, ilustradora e pintora. Realiza actividades infantís de animación á lectura e obradoiros artísticos para nenos, tanto en escolas como en bibliotecas. A súa produción editorial abarca máis de 40 libros publicados en Italia por Fatatrac, Lapis, Edicolors e outras editoriais. Ademais, a súa obra exhibese en exposicións individuais e colectivas. Recibiu, entre outros, o Premio Andersen da Infancia, o Premio delle Palme, ou o Premio Nacional Libro per l'Ambiente, e foi seleccionada para a mostra Ibby 2011.

<http://www.ariannapapini.com/>

